



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2011.-

<p><u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D^a MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. <u>Non asiste con excusa:</u> Sr. D. José Salvador Ferreiro Montenegro.</p> <p><u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e quince minutos do día vintetres de novembro de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e urxente e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN, CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Interven o Sr. Sixto Galiano: A convocatoria esta é ilegal, a convocatoria que me notificou a mín o Sr. Secretario, que o motivo do Pleno non esta motivado conforme o disposto no artigo 78.2 do R.O.F.

Interven o voceiro de NAL SR. Luis Cendán Fernández: Quen manifesta que quere ratificarse no que dixo na Comisión Informativa, de que igual o procedemento non é o adeduoado nin o Ordinario, pero o motivo me imaxino como xa dixen, que era polo tema de entrar en vigor a aplicación deste porcentaxe ó IBI non, polo tanto eu me imaxino que si non se aproba hoxe sería difícil que entrara en vigor o vindeiro ano, en canto ó porcentaxe de subidas eu me imaxino que é preferible subir escalanodamente, por exemplo 0,5 ou 0,6 decimas un ano, eu creo que á xente lle supón menos esforzo e escalonadamente, o mellor para o ano seguramente hai que retócalo outro pouco, redondeándolo no 0,60, igual non é necesario, ogalla non fora necesaria e con esta subida foramos tirando, como fumo tirando co 0,55 durante bastantes anos, polo tanto eu creo que o motivo da urxencia da Comisión e do Pleno é debido para a entrada en vigor para o vindeiro exercicio polo tanto meu voto vai a ser favorable.



Interven o Voceiro do BNG, Sr. Fernández Permuy, manifestando que primeiramente quería facerlle unha pregunta o SR. Secretario, ¿si esta modificación se aprobase no Pleno de mañan entraría en prazo?

Resposta o Sr. Secretario, que o IBI o período impositivo é o ano natural, se devenga o primeiro día do ano natural, para que entre en vigor según do artigo 17, ten que estar aprobado publicado con 30 días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, saíndo mañá o prazo remataría o 30 de decembro e o día 31 habería que publicar o texto integro da ordenanza, e dicir a data límite para aprobalo e hoxe, se se aprobara mañá vai fora de prazo, hai que coller o calendario e contar 30 días hábiles e supoñendo que mañan saia publicado no BOP, se non sae publicado xa vai fora de prazo.

O Sr. Fernández Permuy: a miña intervención vai a ser igual que a que fixen na Comisión Informativa, eu creo que seguimos sen coidar as formas, porque coido que esta taxa esta no mesmo nivel que as demais taxas, e debería de revisar cando se revisaron as anteriores taxas, aquí volve a pasar o mesmo, se sube e despois se revisa, e dicir vamos ó revés, efectivamente Julio ti dis que é por un tema de presuposto non, e temos a manía sempre de compararnos con outros Concellos non, eu penso que este tipo de taxas as debíamos de unificar en todos os Concellos, ou eso é o que se ten que tender, nos levará máis tempo, menos tempo, pero é o que se ten que tender, porque si comparamos con outros Concellos, estamos máis arriba que eles, en todo caso eu volvo a insistir no que dixen na Comisión, hai que coidalas formas e convocar o Pleno e a Comisión coa suficiente antelación para que os grupos políticos nos de tempo de estudar e traer propostas porque nos non tivemos tempo a valorar esta proposta, que pode ser que suba non fora moita, pois pode ser, que pode ser que sexa excesiva pois pode ser, non o sabemos porque non nos deu tempo a estudar, a nos convocaronos para a Comisión Informativa onte as duas e cuarto, perdón a Comisión Informativa as duas da tarde e o Pleno as duas e cuarto, a xente que estamos traballando que temos outros traballos non nos da tempo a estudar, e non nos da tempo a traer unha alternativa cando se fala de estudar se fala tamén de tempo e penso que hai ninguen vai a fastidiar a ninguen, en todo caso o que queremos é tempo para estudar tempo para dar unha alternativa a día de hoxe o BNG non pode dicir se a alternativa que se da desde a Secretaría ou desde a Alcaldía é válida ou non vale, e que non o sabemos, non sabemos o impacto que vai a ter esto na xente, e bueno e nada máis.

Interven o Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán: xa falamos por activa e por pasiva do tema, eu creo que as formas non son as máis procedentes, e máis para facer unha convocatoria extraordinaria e urxente, sabendo o que se viña cocendo e esto en Intervención e Secretaria estes datos xa estaban contrastados de que o ano 2011 íase pechar en negativo tamén e creo que estas medidas se poideron tomar esta mesma semana a primeiros de semana ou a semana pasada se poido facer todo isto, nos non vamos a incidir neste nin vamos a entrar, ver o ingreso efectivo, habería que mirar a repercusión por vivenda, e por vía que vai



a repercutir os cidadáns, pero eu vou a ir o xeral, a mín me parece ben que se quera cunha política equivocada, de que o déficit o paguen os contribuintes, cando aquí neste Pleno se aprobou por todos e por unanimidade un Plan de Estabilidade e de Aforro neste Concello, que non se levou a efecto, o Sr. Secretario pode respostar que eso non se levou a efecto, creo que eso é fundamental, despois creo que foi por nos se presentou unha Moción o Pleno de que os impostos este ano non se tocasen, que estamos no peor ano da crise que é este ano, o ano que ven e o que máis vai a afectar á crise, e non so subimos o imposto do IBI senón que acabamos de subir a auga e creo que esto non é procedente e por parte da Alcaldía se quere pechar e se leva unha política, se quere pechar o déficit coa subida de impostos, habera que tomar outras medidas, hai que dar exemplo de que o Concello de Ares está facendo algo por reconducir esto, e o Concello de Ares, non está facendo nada, a semana pasada se convocou unha praza, agora en Comisión de Goberno se aprobou que se vai a convocar outra, eu non digo que non se poda facer, pero digo que estes meses que estamos empezando decembro que este mes é inhábil para a Administración, practicamente é festivo todo, e ata Semana Santa, e aguantar eses contratos ata Semana Santa, que os días van a máis, que hai mellor tempo, este mes que ven a Administración Local e a Pública non vai a traballar, para que vas a pagar uns soldos, podes aforralos, hai que racionalizar.

Resposta o Sr. Alcalde, que Antonio Fernández Abeal, pasou a incapacidade por un período de dous anos, e Santi e o Capataz están de baixa, son tres persoas menos nunha plantilla moi pequena.

O Sr. Manuel Cendán di que este mes nin con catro nin con tres, eu poño este exemplo porque eu no mes de decembro non contrataba a ninguen, non se me ocorre a mín, porque é practicamente festivo, e para que vas a gastar ese diñeiro, espera un pouco antes de Semana Santa, que sabes que os días van a máis e fai os contratos, ese é un exemplo de austeriade e outro tipo de cousas que hai que cortar, hai que mirar o funcionamento do Concello o dixer por activa e por pasiva coarenta veces, todos os servizos, se necesita todo o persoal, ou se pode prescindir dalgúnha persoa que esta contratada, eso hai que estudialo e miralo, e con esas medidas, e despois de que se fagan un estudio de servizo por servizo, pois daquela sí, pero o que non podes agora e subir os impostos, sin que por parte do Goberno Local se tome ningunha medida de austeridade. Eu creo que todas as institucións están, o vimos onte no Concello de Ames, as medidas que tomou, se revisou por persoal, e se recortou e se votou a seis ou sete, o da radio, que escoiten a cadea SER ou a COPE, e en gastos así hai que mirar de recortar e o Concello de Ares aínda que non sexa moito polo menos un pouco temos que dar un exemplo de austeriade, porque as familias o están facendo e nos o temos que facer, e o que é impresentable despois de tomar ese acordo, agora presentar a subida da auga e a subida do IBI, porque eu te pode dicir, eu coincidín fun un día o Banco, e varias persoas que foron a quitar diñeiro e viron soamente o do lixo que á xente o colleu así de sorpresa nun mes malo como foi o de outubro, e a levamos así con outra máis, o esta pasando mal a xente, nos temos que pasalo tamén mal, desde a Administración Local un pouco, e cando se poida gastar se



gasta, e cando non se poda gastar non se gasta e nada máis, temos que dar un exemplo de austeridade e non o estamos dando, e eu razono a túa visión, sei que esto non é moito porque son uns euros en cada recibo, unha de seis ou cinco euros o que sexa, pero non damos exemplo de austeridade, e por eso nos non vamos a apoiar esto, porque non vamos a ser coherentes co que aprobamos co que pensamos e non damos exemplo de austeridade por parte da Corporación, debemos dar un paso, o Concello de Ares recorta pois eu que sei, o outro día falabas do tema do alumado, bueno pois é un detalle pequeno pero que e bon, e nalgunhas cousas máis que hai que facelo, para que a xente vexa que se están tomando medidas desde a administración local, de que a cousa non está ben e temos que aguantar todos e nos valemos co que ten o Tilo e chega e a xente o ten que saber, pero non subir os impostos sin tomar ningunha medida de austeridade, creo que eso non é o momento e xa digo pensalo ben, medítalo ben, o vindeiro ano é o ano máis duro, a primeiros de ano hai que tomar máis recortes a xente o vai a pasar mal, e creo que non é o momento, levamos dez ou once anos sen subir este imposto e creo que por un máis, deberíamos de deixalo quedar.

Resposta o Sr. Alcalde que se tomaron medidas loxicamente, podemos estar falando de un recorte en gasto corrente de preto de trescentos mil euros, se recortou efectivamente na luz, cando tomamos medidas de apagar por tramos, ti concretamente Manuel protestache, en aquel momento decias que deixabamos ruas a obscuras.

O Sr. Manuel Cendán: eso non é certo.

O Sr. Alcalde, si que é certo Manuel esta nas actas dos Plenos.

O Sr. Manuel Cendán, eu preguntei porque o Porto estaba apagado.

O Sr. Alcalde xa te expliquei que as fases están mal.

O SR. Manuel Cendán: di que si consta nas actas cando dixen que algúns alumados entre parroquias que a partir de certa hora habería que baixalos, eso o falei eu aquí no Pleno, que están alumando para as verzas, habería que baixalos, eso o falei eu aquí e son consciente de que o hai que facer.

O Sr. Alcalde di que se creou unha Central de Compras que diminuíu efectivamente de maneira significativa, porque antes se facía unha especie de turno, para que a todos os empresarios de Ares, se lle collía a todos para non deixar a ninguen fora, pois unhas veces se ía a SAR outras a RAMIL, digo que efectivamente se contaba con todos e as veces o mesmo produto o daba a distinto prezo, non era moi razoable, e entón se unificaron prezos, entón claro que efectivamente se están a facer recortes, o que está claro é que de algunha maneira a política fiscal existe, entón unha das opcións é revisar un imposto que leva doce anos sen que ninguen o toque, e tres decimas non é loxicamente un incremento significativo pero en calquer caso é o de sempre. Está é unha decisión que propón loxicamente o grupo de goberno, eu non digo que a compartades, votar en contra e punto, pero deixar tomala, senón



estades de acordó con ela non a compartides, pero si eu quero tomala, xa darei conta efectivamente si é unha medida, que non é aceptada xa o pagarei electoralmente, ou xa o pagarei onde proceda, non a compartides pois en contra, cuestionar a urxencia, e dicir non deixarme nin planteala, pois a mín me parece efectivamente desde logo moi razoable, o que non este de acordo que vote en contra, pero está claro que si efectivamente se ten esta iniciativa a quen lle molesta, ben pola vía de urxencia para tratar que entre vigor, que non queredes votades en contra, pero discutir a posibilidade de que eu o poida traer a Pleno aínda que sexa pola vía de urxencia, ten que vir pola vía de urxencia porque si non, non podemos acordala con eficacia.

Toma a palabra o Sr. Sixto Galiano, manifestando que poido traerse este tema a semana pasada e así evitar a urxencia.

Resposta o Sr. Alcalde, que xa contei que vamos tendo datos do peche do exercicio, entonces efectivamente o luns eu teño unha conversación, e o martes teño outra conversación, pero na conversación que tomo, eu xa tomo unha decisión, fixaros teño os meus concelleiros de testigo, chamei por teléfono a Geno que estaba no hospital e lle dixen que me vexo obrigado a facer esto ti que pensas, e me dixo adiante, e dicir ata a meus concelleiros planteillo de sopetón, e de feito un esta internado no hospital, mira ti que interés teño en ter todos os votos, que un leva en urxencias desde o luns e convoquei o Pleno igual, entonces efectivamente eu tomo a decisión cando a teño que tomar, e si sale que non que lle vou a facer, saleu non.

O SR. Sixto Galiano: eu non cuestiono eso, eu cuestiono que unha medida que é bastante importante non se debate, non hai debate, non hai espacio a debatir como dixo o meu compañeiro do BNG.

O Sr. Alcalde: haber vamos por partes se explicou en Comisión de Facenda hoxe as nove e media, pero en calquer caso a urxencia é así, eu cando vou o médico de urxencias cun infarto non avisei o médico antes, a urxencia é a urxencia, entonces onte tomei a decisión in extremis, porque dixen mira nos lanzamos se sale sale e se non sale non sale, pero hai que intentalo porque hai un risco de peche con desequilibrio, pero nada impide, é unha subida de tres décimas, non impide seguir traballando en Comisión con todo con moita máis calma, pero eu quero que esa calma, non me impida tomar unha media urxente, que non tedes porque compartir, a votades en contra, e o Alcalde o que sube os impostos, pois moi ben a min me parece ben, é unha política que efectivamente é moi lexítima, agora dar-me a oportunidade de que veña aquí e se vote, a urxencia e a urxencia, de verdade que é a urxencia, a Lei permite convocar por razóns de urxencia, a ninguén se lle explica nada, non se convoca con 48 horas se lle pon a documentación in extremis, é dun día para outro, e o mellor ata nin podes vir porque non contabas con que houbera Pleno e tiñas médico, esa é a urxencia.



O Sr. Sixto Galiano, eu non critico a urxencia, eu critico a falla de previsión, non se pode gobernar desta maneira.

O Sr. Alcalde, está ben, esta claro que o poden haber tomado antes, eu pensei que non ía a ser necesario, pero os primeiros datos que vou coñecemento me inquietan e non quero correr riscos.

Sometida a votación a ratificación do carácter urxente da Convocatoria o Concello Pleno por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 NAL), 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 2 abstencións do BNG acorda ratifica-lo carácter urxente da Convocatoria.

Punto núm. 2.- MODIFICACIÓN TIPOS GRAVAME DO IBI “URBANA E RÚSTICA”.

Dase conta da proposta da Alcaldía de Modificación dos tipos de Gravame do IBI “URBANA E RUSTICA” do seguinte teor literal:

PROPOSTA.

Vistos os tipos de gravamen previstos no entorno, propónse a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Benes Inmobles do seguinte xeito:

- IBI urbana: 0,58%
- IBI rústica 0,73%.

Sometida a votación o Concello Pleno por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 NAL), 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 2 abstencións do BNG acorda prestarlle a súa aprobación á proposta anteriormente transcrita e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Modificación dos tipos de Gravame do IBI Urbana e Rústica Ordenanzas fiscais coa aplicación do IPC para o ano 2012, quedando fixados do seguinte xeito:

- IBI urbana: 0,58%
- IBI rústica 0,73%.

2º.- Someter o presente a información pública polo período de trinta días mediante publicación de anuncio no B.O.P. de conformidade do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse reclamacións.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e coarenta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E